

CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE

Roald Dahl

Le os seguintes fragmentos extraídos da película e complétaos co nome e o apelido dos cinco gañadores dos billetes dourados. Logo, relaciona cada texto cunha das ilustracións que se reproducen a continuación.

1. —Alí está _____ ! —oíu que alguén exclamaba—. É ela, claro que si! Lembro a súa cara dos xornais!
—E sabes unha cousa? —gritou alguén en resposta—. Aínda segue masticando ese espantoso chicle co que leva tres meses! Mira as súas mandíbulas!
2. Toda esta familia as seis persoas maiores e o pequeno _____ vive xunta nunha casiña de madeira nos arredores dunha gran cidade.
A casa non era o bastante grande para tanta xente, e a vida resultaba realmente incómoda para todos. En total, só había dúas habitacións e unha soa cama.
3. O afortunado foi un neno chamado _____ e o xornal vespertino do señor Bucket traía unha gran fotografía súa na primeira páxina. A fotografía mostraba a un neno de nove anos tan enormemente gordo que parecía ser inchado cun poderoso inflador. Grosos rolos de graxa emerxían por todo o seu corpo, e a súa cara era como unha monstruosa bóla de masa desde a cal dous pequenos ollos glotóns que parecían dúas pasas de Corinto miraban ao mundo.
4. O propio _____ tiña non menos de dezaioito pistolas de xoguete de varios tamaños colgando de cintos ao redor do seu corpo, e de cando en vez daba un salto no aire e disparaba unha media ducia de descargas cunha ou outra destas armas. «Silencio!», berraba cando alguén tentaba facerlle unha pregunta. «Non lles dixen que non me interrompan? Este programa é absolutamente magnífico! É estupendo! Véxoo todos os días. Vexo todos os programas todos os días, incluso ata os malos, nos que non hai disparos».

5. —A quen me gustaría ver é a _____!
—gritou outra voz na multitude—. É a nena cuxo pai comprou medio millón de chocolatinas e logo fixo que todas as obreiras da súa fábrica de cacahuetes desenvolvesenas unha a unha ata atopar o billete dourado! Dálle todo o que quere! Absolutamente todo! O único que ten que facer é empezar a gritar para conseguilo!

